

**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓN:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPONSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPONSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. O Decreto 236/2008, do 16 de outubro, polo que se modifica o Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece que a puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder de:**

- A) Corenta por cento da puntuación máxima acadable no proceso selectivo.
- B) Cincuenta por cento da puntuación máxima acadable no proceso selectivo.
- C) Corenta por cento da puntuación máxima acadable na fase de concurso.
- D) Trinta e cinco or cento da puntuación máxima acadable no proceso selectivo.

**2. Segundo o artigo 1 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, a presente lei ten por obxecto garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente:**

- A) A súa honra e intimidade persoal e familiar.
- B) A súa liberdade e seguridade.
- C) A súa liberdade ideolóxica e relixiosa.
- D) A súa integridade moral.

**3. O artigo 5 do Estatuto de Autonomía para Galicia de 1981 dispón que:**

- A) A lingua propia de Galicia é o castelán.
- B) A lingua propia de Galicia é o galego.
- C) O Estado potenciará o uso do castelán para facilitar o seu coñecemento en todo o Estado Español.
- D) As linguas propias de Galicia son o galego e o castelán.

**4. O número de membros do Parlamento Galego, segundo o artigo 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, serán:**

- A) 70.
- B) De 60 a 75.
- C) De 65 a 75.
- D) Unha lei do Parlamento de Galicia fixará o seu número entre 60 e 80.

**5. O artigo 72 do Estatuto Marco clasifica as faltas en moi graves, graves e leves. Cal das seguintes faltas ten a consideración de falta grave?**

- A) A notoria falta de rendemento que comporte inhibición no cumprimento das súas funcións.
- B) O abuso de autoridade no exercizo das súas funcións.
- C) O incumprimento das normas sobre incompatibilidades, cando supoña o mantemento dunha situación de incompatibilidade.
- D) A incorrección cos superiores, compañeiros, subordinados ou usuarios.

**6. O artigo 43 da Constitución Española de 1978 establece que:**

- A) Recoñécese o dereito á protección da saúde.
- B) Compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través das medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.
- C) Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria.
- D) As tres respostas son correctas.

**7. O artigo 67 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde establece que para obter o pase á situación de excedencia voluntaria por interese particular será preciso prestar servizos en calquera Administración pública durante:**

- A) Os dous anos inmediatamente anteriores.
- B) Os cinco anos inmediatamente anteriores.
- C) Os tres anos inmediatamente anteriores.
- D) Non se esixe ningún período de servizos previos á Administración.

**8. Que contaminantes pueden dar lugar a enfermidades infecciosas ou parasitarias?**

- A) Os contaminantes químicos.
- B) Os axentes físicos.
- C) Os contaminantes biolóxicos.
- D) Ningunha das respostas é correcta.

**9. O artigo 1.2 de la Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, establece que son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria:**

- A) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- B) Todos os españois.
- C) Todos os españois residentes en España en situación de alta na Seguridade Social.
- D) Todos os españois residan ou non en España.

**10. O artigo 92 da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia, de 10 de xullo, define ao Servizo Galego de Saúde como:**

- A) Un organismo autónomo de natureza administrativa con personalidade xurídica de seu e plena capacidade para o cumprimento dos seus fíns.
- B) Unha dirección xeral da Consellería de Sanidade.
- C) Un organismo autónomo sen personalidade xurídica propia.
- D) Un ente público sen personalidade xurídica.

#### Preguntas de reserva

**1. Segundo o artigo 15 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, cal dos seguintes principios xerais da acción preventiva que debe aplicar o empresario está mal formulado?**

- A) Evitar os riscos.
- B) Avaliar os riscos que se poidan evitar.
- C) Combater os riscos na súa orixe.
- D) Substituír o perigoso polo que entrañe pouco ou ningún perigo.

**2. O artigo 16 da Constitución Española de 1978 establece que:**

- A) Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.
- B) A lei regulará un estatuto dos traballadores.
- C) Recoñécese o dereito á protección da saúde.
- D) A capital do Estado é a vila de Madrid.